

AMBIENTE PROTO-ÉTICO: O RESPECTO

Celso Currás Fernández
 Conselleiro de Educación e Ordenación
 Universitaria

É un feito que nos últimos tempos as reflexións sobre os valores e a ética foron enriquecéndose con diferentes disputas teóricas e derivando en temática variada, de tal maneira que recibiron diversas denominacións: Ética civil, Ética como amor propio, Ética mínima, etc., e, correlativamente, estúdiáanse con preferencia valores de convivencia, valores de tolerancia, valores de civismo...

Estas diversas denominacións toman pé no ensino en dúas fontes: o pluralismo democrático conseguido e a intensificación da presenza dos chamados "temas transversais" nos currícula escolares.

O pluralismo democrático busca, e busca, implantarse e consolidarse na sociedade; para iso precisa dunha fundamentación moral que impregne as relacións sociais.

Os temas transversais procuran a integración de saberes na creación de actitudes que culturicen a nosa poboación escolar na convivencia social.

Ámbalas dúas fontes serven para axudar á construción permanente da comunidade democrática. Tal labor precisa da achega de proxectos e actividades para os que é oportuno presentar materiais de reflexión e de traballo.

TAREFA MORAL DA CONSTRUCCIÓN SOCIAL

A evolución social ó longo da historia fai que sempre falemos de crise en diversos eidos.

É evidente que o transcurso do tempo, e con el as persoas, "pasan pola peneira" (tal é o sentido orixinal -como se sabe- de crise, do verbo *crino* = peneirar) as concepcións e sistemas do pasado. Nesta dialéctica de permanente revisión ("crise") avanza a sociedade. Nos tempos actuais, e tamén pasados, fíxose un diagnóstico que vén coincidir case sempre na formulación xeral de "baleiro moral" ou de perda de valores morais. Podemos poñer como límite desta diagnose cando, en 1930, dixo Ortega que "Europa se ha queda-



Universitas. Tomo 2. Edit. Salvat.

A vía do monetarismo consumista, acaparador de riqueza, leva como bandeira o aforismo "tanto tes, tanto vales".

do sin moral...". A partir desta data en España tense falado moito de "desmoralización social" e da necesidade dunha "recuperación" de valores dentro da sociedade. Estes dous aspectos: diagnose e proposta de recuperación, van necesariamente unidos. Por iso, a construción social leva consigo unha tarefa moral.

Como é lóxico, a diagnose previa condiciona a proposta. Vexamos unha das que hoxe se establecen:

Tense a crenza de que nos tempos actuais hai un predominio dos valores, baseados na cultura do economicismo, que se acada polo éxito social e pola vía do monetarismo. Nun mundo no que a tecnoloxía avanza, o consumo impónse, o benestar aparece como acaparamento de riqueza, non é raro que os valores con contido máis espiritual teñan que ceder terreo diante dos económicos.

Ademais do mencionado, a universalización da información produce inquietude e falta de referencias claras na vida social. O egocentrismo e a radicalización do que nos é propio, ante a ameaza do alleo, constitúe unha das reaccións visibles da nosa sociedade.

Sobre esta base poderíase segui-la análise, pero parece de máis interese face-la **proposta** de actuación que, como formulación xeral, pode resumirse así: recupera-los valores sociais, "propon unha base para a Ética educativa", é dicir, establece-la proto-ética.

Naturalmente que esta tarefa require un traballo previo de **posta en presenza** das diferentes correntes éticas que se dan e que conducen a unha pluralidade de opcións intelectuais e

1 *La rebelión de las masas*, Madrid, Ed. Revista de Occidente, 1979.



Platón e Aristóteles. A cultura do debate, da discusión dialogante para achega-las opinións diversas, debería presidir toda confrontación social. *Forma y Color. El taller de los Della Robbia*. Edit. Albaicin-Sadea.

prácticas para cada persoa. A información sobre a pluralidade enriquece as perspectivas vitais que se poden adoptar. Esta visión de pluralidade fixo que predominase na ética unha dirección individualista con abandono da dirección público-social; por iso hoxe estase a impoñer “la dimensión intersubjetiva”². A intersubxectividade postula unha cultura do diálogo, e esta cultura non debe quedar na mera labia, sen compromiso de práctica pública. Infelizmente, é hoxe un defecto común o do “diálogo aparente” (negociación) que non busca a confluencia, senón a imposición ou a inculcación dos outros para eludir responsabilidades.

A cultura do diálogo, pois, ten un risco que é o “non compromiso”, a desvinculación sistemática, a marxinalidade irracional. Certamente, a ciencia ética propón unha fundamentación, uns estudos, mesmo uns “mínimos éticos”; pero ¿que facer ante o descompromiso? ¿que se precisa artellar ante a indiferencia?

O PREVIO ESTÁ NA PEDAGOXÍA SOCIO-ÉTICA

Existen estudos das diversas propostas éticas que hoxe se teñen en consideración; pero unha construción moral precisa de alicerces máis elementais nos que afirmar unha pedagogía socio-ética.

Non falamos, pois, de valores, nin da súa xerarquización, senón de algo elemental e previo a toda ética educativa que ten como centro algo tan evidente como é a existencia das outras persoas; é dicir, “**ó lado**” e “**con un**” **están os demais**. Ó lado e interactuando con un, co meu proxecto vital, están os proxectos vitais dos outros. Esta convivencia pide unha actitude básica de “respecto” ós demais. Polo tanto, trátase de recupera-la actitude elemental respectuosa **dian**te dos demais e **coa** circunstancia na que a cadaquén lle toque vivir.


No *Diccionario* da Real Academia Galega podemos ler: “Respecto s.m.1. Actitude ou sentimento que fai que sexa tratada con consideración unha persoa o cousa”.

A raíz da palabra vén de *respe*ctus, do verbo *respicere* (mirar cara a atrás), da mesma raíz que *spectare* (mirar). Esa **mirada considerada** é a que nos pide o respecto. O normal é ve-los demais, pero o que agora pedimos é consideralos e, despois, “mirar cara a atrás” para decatarse dos fallos e corrixilos. Así evitariámo-las desconsideracións e as actitudes irrespectuosas.

“El respeto se manifiesta hacia alguien y hacia algo, siendo este alguien nosotros mismos y los demás, y este algo nuestro mundo circundante”³

2 Prólogo de J. L. Aranguren á *Ética mínima*, de A. Cortina, Madrid, Tecnos, 1989²

3 B. Tierno Jiménez, *Guía para educar en valores humanos*, Taller de Editores, S.A., 1996.



A Instrucción é a Luz. Litografía de Darnétal, 1885. Non cabe dúbida de que un factor esencial da civilización tecnolóxica é a educación. Esta soamente pode ser esencial e global si parte do respecto. *Historia de la Humanidad*. Edit. Planeta, 1977.

(páx 97 e ss.); nesta mesma publicación resulta certamente inquietante o título do capítulo 18: "Respecto antes que amor". Esta afirmación debe ser matizada no contexto no que se insire:

Suele ocurrir con frecuencia que cuando en mis charlas y conferencias sobre valores humanos antepongo el respeto al amor en las relaciones matrimoniales y de pareja, no pocas personas me corrigen un tanto malhumoradas y desconcertadas, recordándome que lo verdaderamente importante es casarse por amor. Entonces yo respondo: Siempre que al

amor hacia la otra persona se haya llegado con respecto. Respecto antes que amor.

Así como na parella ten un que supoñe-lo respecto, na pedagogía ética debe colocarse como algo previo. Esta é hoxe a **condición de posibilidade** para que unha correcta construción acadade a condición de ética educativa.

Non é esta postura unha insistencia nunha "ética de mínimos", tal como se pode ver, entre outras, na obra de Adela Cortina⁴, senón que nos situamos na experiencia previa a toda reflexión ética; estamos no eido da **sensibilidade** social na que afloran os valores. Na aula, esta sensibilidade pode ser un tema de traballo, pero en realidade cumpría mellor que fose un feito, un ambiente, un talante (no sentido en que o explicaba o profesor López Aranguren). Ambiente social e talante persoal que deixan senti-la súa falta na sociedade democrática e plural na que estamos a vivir. Por iso, existen propostas de traballo curricular na aula dirixidas a este fin que estamos a chamar proto-ético ou "proto-moral". Neste sentido exprésanse os profesores Josep M^a Puig Rovira e Miguel Martínez Martín⁵, no artigo titulado: "Elementos para un curriculum de educación moral":

Aunque el conjunto de las relaciones personales y, en definitiva, la vida de una

4 A. Cortina, *Ética mínima*, Madrid, Tecnos, 1989^o

5 J. A. Jordan e F. F. Santolaria, *La Educación moral, hoy. Cuestiones y perspectivas*, Barcelona, PPU, 1987.

clase es siempre un factor básico en un curriculum de educación moral, tan sólo contribuirá a formar personalidades morales autónomas y solidarias en la medida que tales interrelaciones se basen en la libertad y cooperación de todos los miembros que intervienen en ella. Únicamente se adquiere una personalidad moral madura cuando se ha vivido de modo libre, creativo y cooperativo una cantidad suficiente de experiencias sociales. Por tanto, un curriculum de educación moral debe comenzar con la creación de un clima escolar totalmente democrático. Es decir, con una organización del aula y de la escuela basada en la participación de los implicados, de modo que sea posible la libre discusión de todos los temas que surgen en tales situaciones, y en la que posteriormente la toma de decisiones, la adopción de normas y la solución de los conflictos sea razonada y consensuada. En resumen, que la escuela se rija democráticamente, a fin de que los alumnos se sientan responsables de la colectividad y aprendan a vivir moralmente en ella.

É evidente que nun ambiente de respecto democrático témo-la base da construción da ética educativa, do agromar dos valores. Formulada a cuestión doutro xeito, trátase de “recuperar” un concepto con historia: o concepto do “próximo”. Para lembrar este concepto parece oportuno citar un parágrafo do libro *L’Altruisme e la Morale*⁶; na páxina 132 pódese ler:

Os nossos poderes reais são, de uma maneira geral, limitados e concentrados em

poucas pessoas, que se encontram imediatamente ao nosso redor e todos aqueles com quem estamos em contacto profissional. É por isso que o mandamento do próximo é tão importante. Porque se refere ao âmbito de acção em que podemos realmente actuar, no qual somos verdadeiramente responsáveis, em que podemos verificar racionalmente o efeito das nossas acções. Sem o conceito de próximo, a moral poder-se-ia tornar num conjunto de declarações grandiloquentes. É muito fácil preocuparmo-nos, de maneira abstracta, com a fome dos negros da Etiópia ou com as injustiças sociais na Índia, e depois comportarmos com um egoísmo vergonhoso em relação á nossa própria mulher ou ao nosso marido, ou em relação aos nossos colaboradores, aos nossos colegas. Ao lermos *As Confissões* de J. J. Rousseau temos ainda hoje uma impressão desagradável. Ele pregava as virtudes e a moralidade universal, mas o seu comportamento privado era mesquinho. A dedicação ao próximo, ao dever de estudar as necessidades concretas daqueles que nos rodeiam, de cuidarmos deles com generosidade, é um ponto de partida obrigatório de qualquer moral que não queira tornar-se num sermão oco.

Neste parágrafo preséntase con claridade a necesidade de proceder **desde** o “primeiro” que é o próximo ó “universal”. No ensino tamén se postula este proceder proto-ético que require iniciarse na experiencia de respecto na aula e nos valores máis elementais. Sen esta pedagogía previa as outras ensinanzas poden quedar sen base.



⁶ F. Alberoni e S. Veca, *L’Altruisme e la Morale*, publicación traducida ó portugués por María da Graça Morais Sarmiento, Bertrand Editora, 1985.